

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 31 DE XULLO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don José María Laya Carril

Don Antonio Cortizas Rodríguez

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas do día trinta e un de xullo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril e don Antonio Cortizas Rodríguez

Non asisten á sesión os concelleiros don Miguel Anxo Abaira Sobrado e don Antonio Medín Pena.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 24 de xullo de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA APOD-3.-** Visto o estudo de detalle que presenta **Edicasla S.L.** na APOD-3 do PXOM, redactado polos arquitectos don Francisco Otero Méndez e don Felipe Brandariz Cañas, colexiados núms. 292 e 2023 respectivamente.

Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 2-12-2005 e foi exposto ao público con inserción de anuncios no taboleiro de edictos, DOG núm. 1 do 2-1-2006 e xornal *La Voz de Galicia* do 27/12/2005.

Así mesmo, foi notificado o acordo de aprobación inicial a todos os propietarios de terreos afectados, sen que se presentara reclamación de ningunha clase.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no escrito do día 10/07/2006 informa favorablemente este estudo de detalle da APOD-3.

En cumprimento do que dispón o art. 7 da Lei 59/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, ao afectar o estudo de detalle a zonas de servizos previstas no art. 9 da dita lei, enviouse ao Ministerio de Fomento para que emitise o informe con carácter vinculante no relativo ás materias da súa competencia coa data do 30-12-2005, e transcorrido con exceso o prazo dun mes e ao non evacuarse ou recibirse o dito informe, enténdese a súa conformidade co estudo de detalle remitido, por así dispoñelo o art. 7.2 da Lei 59/2003 do sector ferroviario.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Cortizas Rodríguez do PSOE e Laya Carril, e o voto favorable dos nove membros restantes que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sinalado anteriormente.

2º.- Que se lles notifique este acordo ao promotor Edicasla S.L. e aos propietarios dos terreos afectados e que se publique no taboleiro de edictos e no Diario Oficial de Galicia.

3º.- En cumprimento do que establece o art. 92.3 da citada Lei 9/02, comuníquese esta aprobación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, co traslado das copias dilixenciadas de dous exemplares do instrumento aprobado, e queda condicionada a firmeza deste acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle ao cumprimento do sinalado, como dispón o art. 92.4 da Lei 9/02.

**3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DO SECTOR URBANIZABLE R.D. PERBES-VILANOVA.-** Examinada a modificación puntual do Plan parcial do sector urbanizable R.D. en Perbes e Vilanova que ten un triple obxectivo:

- 1.- Redefinir as condicións dos aparcadoiros privados nas parcelas colectivas.
- 2.- Redefinir as parcelas dedicadas a centros de transformación de enerxía eléctrica.
- 3.- Eliminar unhas parcelas de vivendas unifamiliares, debido á aparición de xacementos arqueolóxicos.

A terceira das cuestións sinaladas está pendente de que por parte da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico se informase favorablemente o proxecto presentado para a execución do campo de golf no que afecta a esta zona, e ao non recibirse o dito informe preceptivo e vinculante, non debe continuar a tramitación do expediente, conforme dispón o art. 83.3 da Lei 30/92, xa que se trata dun informe determinante para a resolución do procedemento.

Esta modificación puntual foi aprobada inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 7 de abril de 2006 e foi exposta ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de edictos do Concello, DOG núm. 86 do día 5-5-2006 e xornal *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego* do día 28-4-2006, sen que durante o trámite de información pública se presentara reclamación de ningunha clase.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan parcial do sector urbanizable R.D. Perbes-Vilanova, no que se refire a redefinir as condicións dos aparcadoiros privados das parcelas colectivas e redefinir as parcelas dedicadas a centros de transformación de enerxía eléctrica.

2º.- Deixar pendente a aprobación definitiva no que se refire a eliminar unhas parcelas de vivendas unifamiliares, ata que non se reciba o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3º.- Cumprir os requisitos legais necesarios para a entrada en vigor desta modificación puntual do Plan parcial do sector residencial e deportivo en Perbes e Vilanova, de conformidade co disposto na lexislación aplicable para o efecto.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e vinte minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario